



Concello de Ortigueira

BASES QUE REXERÁN O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS PARA A VENDA AMBULANTE EN GASTRO-BUSES, FOOD TRUCKS OU VEHÍCULOS TENDA SIMILARES NO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA 2026

1ª.- Obxecto

É obxecto destas bases regular as condicións para a adxudicación de autorizacións para o exercicio da venda ambulante en gastro buses ou vehículos tenda similares, de produtos elaborados de alimentación e bebidas, con carácter ocasional con motivo do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira no ano 2026, durante os días 8 ao 12 de xullo.

Dado a limitación de espazo dispoñible para a instalación de gastro-buses, food trucks ou postos de venda en vehículos-tenda de análoga natureza, o número máximo de autorizacións que poderán outorgarse ao amparo desta convocatoria é de 12, coa seguinte desagregación:

- Zona 1 (Alameda) 9 autorizacións, das cales:

7 - Ordinarias

2 -Especiais (Reservadas a alimentos veganos, vexetarianos, sen glute, sen lactosa ou outros alérxenos).

- Zona 2 (Avda. Juan Luís Pía Martínez): 2 autorizacións

- Zona 3 (Ronda San Martiño): 1 autorización

A concesión destas autorizacións rexeráse, ademais de polo establecido nestas bases, polo disposto na lexislación vixente en materia de venda ambulante ou non sedentaria, en particular, polos artigos 70 a 78 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, así como pola ordenanza reguladora de venda ambulante en mercados do moi nobre Concello de Ortigueira (BOP núm. 108 de 12.05.2000); sen prexuízo das restantes normas concordantes que resulten de aplicación.

A autorización de venda de ambulante outorgada ao amparo desta convocatoria non prexulga calquera outra autorización ou licenza que puidese resultar preceptiva.

As autorizacións concederanse a persoas físicas ou xurídicas e terán carácter intransferible, con excepción do cónxuxe e fillos maiores de 18 anos. Só concederáse unha licenza por persoa ou entidade.

2ª.- Situación das instalacións

O espazo público que se reserva para a instalación dos gastro buses ou vehículos similares, correspóndese coas zonas descritas no plano que se anexa como anexo III.

Cada interesado poderá solicitar autorizacións para varias localizacións por orde de preferencia, non podendo ser adxudicatario de máis dunha delas, coa única excepción de que queden vacantes, en cuxa circunstancia poderán concederse ditas vacantes entre os solicitantes por orde de puntuación.

Os interesados poderán optar aos seguintes tipos de autorizacións:

a) Autorización zona 1 (Alameda)

Detállanse os espazos habilitados no anexo III

Dúas autorizacións reservaranse a postos de venda ambulante de produtos vexetarianos ou veganos, sen glute, sen lactosa ou outros alérxenos e similares.





Concello de Ortigueira

O resto de autorizacións serán, con carácter xeral, para a venda de calquera tipo de alimentos. O número máximo deste tipo de autorizacións é de 7

O espazo para ocupar terá unha dimensión máxima de 6 x 3 metros (18 m2).

b) Autorización zona 2 (Avda. Juan Luís Pía Martínez):

Esta autorización está destinada a aqueles postos de venda ambulante que desexen ocupar un espazo público para ofrecer os seus produtos na zona sinalada no anexo III.

Non se establecen tipoloxías concretas de alimentos para esta zona.

O espazo para ocupar terá unha dimensión máxima de 6 x 3 metros (18 m2).

O número máximo de autorizacións na zona da Avda. Luís Pía Martínez é de 2.

c) Autorización zona 3 (Rotonda S Martiño):

Esta autorización está destinada a aqueles food trucks que desexen ocupar un espazo público para ofrecer os seus produtos na devandita zona sinalada no anexo III.

Non se establecen tipoloxías concretas de alimentos para esta zona.

O espazo para ocupar terá unha dimensión máxima de 6 x 3 metros (18 m2).

O número máximo de autorizacións na zona da Rotonda de San Martiño é de 1.

En todos os supostos será por conta do autorizado os gastos de iluminación e enerxía eléctrica, así como, no seu caso, os derivados da vixilancia e seguridade do gastro bus; sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas á policía local e demais corpos e forzas de seguridade en materia de seguridade en espazos públicos.

3ª.- Desenvolvemento da actividade: horarios, e produtos autorizados

A celebración do Festival comprenderá as datas do 8 ao 12 de xullo de 2026 (ambos inclusive).

O horario autorizado será desde as 12:00 ata as 23:00 horas. Os días nos que se celebren concertos de música, o horario máximo de peche estenderase ata unha hora despois da finalización dos mesmos.

En ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante ou non sedentaria os bens ou produtos cuxa propia normativa prohiba e aqueles outros que, en razón á súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguridade.

O Concello resérvase o dereito para retirar parte ou a totalidade dos produtos dun vendedor se non cumpren coa normativa de participación establecida nestas bases ou se trata de produtos non indicados na súa solicitude.

4º- Requisitos dos solicitantes

Poderán solicitar a súa participación nesta convocatoria aquelas persoas físicas e xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e na ordenanza municipal reguladora da venda ambulante en mercados, en particular:

a) Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, no seu caso, no imposto de actividades económicas.

b) Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos, en particular, no relativo a etiquetaxe, aditivos, compoñentes, alérxenos e demais requisitos conforma á lexislación europea, nacional e autonómica.





Concello de Ortigueira

- c) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- d) Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase de persoas estranxeiras procedentes de estados non membros da UE.
- e) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- f) Estar en posesión do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos.
- g) Dispoñer de vehículo ou remolque homologado, con seguro en regra e revisión de ITV.
- h) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.

5º.- Solicitudes: lugar e prazo de presentación

Os interesados en obter autorización para o exercicio da venda ambulante os días de celebración do Festival Internacional do Mundo Celta obxecto destas bases, presentarán a súa solicitude, no prazo de **QUINCE DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, presencialmente ou a través da sede electrónica <https://ortigueira.sedelectronica.es>, ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. En caso de presentarse a través das oficinas de Correos, será obrigatorio que o interesado informe ao Concello, a través da sede electrónica <https://ortigueira.sedelectronica.es/> ou mediante correo electrónico (info.festival@concellodeortigueira.com), de que presentou unha solicitude por esta vía indicando a data de imposición do envío na oficina de Correos anexando o correspondente xustificante. Non será admitida a documentación remitida por correo se é recibida no Concello transcorridos tres días naturais tras a data de terminación do prazo.

Todas as comunicacións posteriores faranse por medios electrónicos.

6º.- Documentación a presentar

Nas solicitudes incluírase a seguinte documentación:

- A) Modelo de solicitude-declaración responsable que se anexa como anexo (Anexo II)
- B) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para a venda ambulante:
 - a) No caso de persoas físicas:
 - Documento Nacional de Identidade
 - No caso de persoas estranxeiras (estados non membros da UE), tarxeta de identidade de estranxeiro, ou documento que legalmente o substitúa; e permisos de residencia e traballo
 - b) No caso de persoas xurídicas:
 - Número de Identificación Fiscal
 - Escritura de constitución, estatutos ou acta constitutiva da entidade, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos no Rexistro Público que corresponda.



Concello de Ortigueira

- Apoderamento do representante ou representantes que actúan en nome da entidade, en escritura pública rexistrada no Rexistro Público que corresponda, salvo que se recolla directamente nos estatutos.
- Documento Nacional de Identidade, Tarxeta de identidade de estranxeiro, ou documento que legalmente o substitúa do representante da entidade.

c) Documentación común a persoas físicas e xurídicas:

- Certificado de alta no epígrafe correspondente do I.A.E., e acreditación de estar ao corrente no pago do mesmo (se procede)
- Certificado de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda, así como dos empregados do negocio
- Permiso de circulación, seguro en regra do vehículo ou remolque e copia da inspección técnica de vehículos.
- Certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos, por parte das persoas que atendan nos postos autorizados.
- Memoria descritiva da actividade, incluíndo, como mínimo información pormenorizada dos produtos ofertados en venda e sobre as características do vehículo, especificando as dimensións (superficie total ocupada en m²).

C) Documentación necesaria para valorar os criterios de adxudicación sinalados na base 7ª:

- Fotografías, vídeos ou documentación acreditativa das características estéticas do gastro-bus.
- Certificados de calidade ISO 9001 ou similares do solicitante.
- Certificado ITA (Informe de Traballadores en Alta).
- Certificado de elaboración de produtos ecolóxicos.
- Certificados ou documentación acreditativa de dispoñer de produtos quilómetro 0.
- Catálogos sobre a información dos produtos en venda.
- Documentación acreditativa de dispoñibilidade de formas alternativas ao pago en metálico.

7ª.- Criterios de preferencia na adxudicación

Tendo en conta do carácter limitado do espazo público dispoñible para o desenvolvemento da venda ambulante e, por conseguinte, do número limitado de autorizacións, de conformidade co establecido no artigo 76.1 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, as solicitudes admitidas que cumpran os requisitos para desenvolver a actividade de venda serán puntuadas #de acordo con os seguintes criterios, a efectos de establecer unha prelación para a súa adxudicación, para o suposto de que o número de solicitudes fose superior ao número de autorizacións convocadas:

Criterios de valoración: máximo de **40 puntos**

1) Alimentos preparados singulares e/o de especial calidade: ata 20 puntos, polos seguintes apartados:

- Por incluír no menú, de forma significativa, produtos km.0: **5 puntos**

Os produtos km 0 acreditaranse mediante certificados expedidos por organismos oficiais de certificación na materia, ou, na súa falta mediante a presentación de facturas de compra a produtores locais e de proximidade.



Concello de Ortigueira

- Por incluír no menú, de forma significativa, produtos ecolóxicos: **5 puntos**
Achegaranse certificados expedidos polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CREAGA) ou organismo regulador oficial análogo.
- Por incluír no menú, de forma significativa, alimentos con certificado de calidade: **5 puntos**
Neste apartado valorarase que o produtor ou fabricante do produto usado na elaboración dos alimentos ou á venda, dispoña de certificado de calidade, tipo ISO ou similar.
- Variedade da oferta segundo a tipoloxía dos produtos: **ata 5 puntos**, coa seguinte desagregación:
 - Por ofertar un menú de polo menos 3 produtos distintos: 1 punto
 - Por ofertar un menú de entre 4 e 5 produtos distintos: 3 puntos
 - Por ofertar un menú de máis de 5 produtos distintos: 5 puntos

*Non se considerarán produtos distintos, as variantes nos ingredientes dunha mesma tipoloxía de produto ou receita (ex. pizzas ou bocadillos de distintos ingredientes).

2) Tamaño da empresa: Persoal inferior a 5 traballadores: **3 puntos**

3) Dispoñer de catálogos, folletos, e información sobre os produtos á venda destinados ao público asistente (con indicación de compoñentes e alérxenos segundo dispón a lexislación vixente): **5 puntos**.

4) Dispoñibilidade de formas de pago alternativas ao pago en metálico. **2 puntos**.

5) Calidade estética do gastro bus: **ata 10 puntos**.

- Acabados exteriores: Acabados que harmonicen coa contorna, con uso de materiais e cores acordes ao lugar, á paisaxe, e á idiosincrasia do festival: **ata 5 puntos**
- Iluminación: Baixa intensidade da iluminación e ausencia de coloridos excesivamente rechamantes que non resulten acordes coa situación e a idiosincrasia do festival: **ata 5 puntos**

Todos estes criterios deberán acreditarse achegando documentación indicada no apartado anterior (núm. 6º).

8ª.- Comprobación e valoración de solicitudes

A efectos de valorar a adecuación das solicitudes presentadas ás estipulacións establecidas na normativa reguladora do comercio ambulante e nestas bases, constituirase unha Comisión Técnica integrada polo persoal municipal seguinte:

Presidente: Alberto Balboa Rodríguez (Coordinador do Festival)

Vocal-secretario: Jose Manuel López Rego (Departamento de cultura)

A cualificación da documentación presentada realizarase pola Comisión Técnica o quinto día hábil seguinte ao de finalización do prazo de presentación de proposicións.

No caso de que esta non se axuste aos modelos establecidos nestas bases ou ou omitiuse algún dos documentos de presentación obrigatoria, requirirase ao interesado para que, no prazo de tres días hábiles, emende os defectos advertidos. Superado devandito prazo sen completar ou emendar a solicitude será excluído do procedemento, entendéndose que desiste da súa solicitude.





Concello de Ortigueira

No caso de que o número de solicitudes presentadas sexa superior ao número de autorizacións ofertadas para cada zona e localización, pola Comisión procederase a realizar a valoración das solicitudes conforme aos criterios de adxudicación previstos no apartado 7º destas bases.

Elaborarase unha lista coas puntuacións obtidas por cada solicitude, por orde decrecente. A adxudicación realizarase por orde de puntuación (de maior a menor) para cada unha das zonas e localizacións solicitadas. As solicitudes que obteñan maior puntuación dentro de cada zona e localización resultarán adxudicatarias, tendo en conta a orde de preferencia indicado. No caso de que exista empate na puntuación, terán preferencia aquelas solicitudes mellor valoradas nos seguintes criterios, por esta orde:

- a) Alimentos preparados singulares e/o de especial calidade
- b) Calidade estética
- c) Disponibilidade de formas alternativas ao pago en metálico
- d) Tamaño da empresa
- e) Disponibilidade de catálogos, folletos e información sobre os produtos en venda
- f) Menor lonxitude no posto.

De persistir o empate, resolverase mediante sorteo público.

Poderase constituír unha lista de reserva coas solicitudes admitidas que quedasen sen autorización para cubrir posibles baixas. A súa orde na lista determinarase por puntuación e en caso de empate, resolverase cos mesmos criterios sinalados no parágrafo anterior.

No caso de que non haxa suficientes solicitudes para cubrir todas as autorizacións, poderán ser adxudicadas aos solicitantes doutra categoría dentro ou non da mesma zona, sempre que cumpran cos requisitos establecidos nestas bases. Neste caso, os postos ofertaranse por orde de puntuación.

A Comisión Técnica evacuará un informe no que se xustifique a puntuación asignada a cada solicitante en aplicación dos criterios establecidos na base 7ª.

Elaborarase unha listaxe provisional de autorizacións, desagregado por zona e tipo, e, en caso de ser maior o número de solicitudes que o de postos ofertados, tamén incluírá aos solicitantes que quedan incluídos na lista de reserva. Devandita listaxe farase pública, no taboleiro de anuncios do Concello da súa sede electrónica <https://ortigueira.sedelectronica.es/> e na páxina web do Festival www.festivaldeortigueira.com.

Os beneficiarios provisionais achegarán a seguinte documentación dentro do prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte á publicación da devandita relación no taboleiro de anuncios do Concello:

- Xustificante de ingreso das taxas correspondente.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra o risco de danos a persoas ou cousas durante o desenvolvemento da súa actividade, con recibo xustificativo do pago da prima.
- Dúas fotos tamaño carné

No caso de que algún dos beneficiarios provisionais non achegase a documentación requirida procederase a adxudicar o posto ao solicitante seguinte por orde de puntuación, previa achega da mesma documentación.





Concello de Ortigueira

9º.- Outorgamento das autorizacións

Á vista da proposta de Comisión Técnica, mediante resolución da Alcaldía, procederase a outorgar as autorizacións, do que se dará a debida publicidade polos mesmos medios que os sinalados para a relación provisional de autorizados.

A autorización expedirase en documento normalizado no que se fará constar:

- a) Identificación do titular da autorización e cando corresponda, identificación da persoa ou persoas autorizadas para exercer a actividade e, no seu caso, das persoas con relación laboral autorizada que vaian realizar a actividade en nome do titular, así como domicilio ao que deban dirixirse as reclamacións.
- b) Produtos autorizados para a venda.
- c) Período de vixencia.
- d) Lugar, posto asignado, data e horas autorizadas para realizar a actividade

10ª.- Obrigas.

1.- As persoas autorizadas quedan obrigadas ao cumprimento destas bases e das disposicións que lles afecten en materia de lexislación sobre comercio, social, policía sanitaria, policía de espectáculos e calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.

2.- O espazo asignado deberá destinarse única e exclusivamente para a actividade autorizada e será utilizado pola persoa titular da autorización. Non poderá levar a cabo a venda de produtos distintos dos sinalados na súa solicitude e debidamente autorizados e inventariados. Queda así mesmo prohibido dividir o espazo ou ceder o dereito de uso mediando ou non a entrega de prezo; polo que en ningún caso poderá o adxudicatario transmitir a outra persoa a autorización outorgada fóra dos supostos e cos requisitos previstos na lexislación sobre comercio ambulante, nin variar a actividade autorizada.

3.- Non se poderá amover ningún tipo de material ou produto en lugares que excedan do espazo autorizado.

4.- En todo momento deixaranse libres os accesos. O paso necesario para vehículos de emerxencia permanecerá libre de obstáculos e garantidos en todo momento.

5.- O autorizado farase responsable dos danos que se poidan ocasionar tanto a persoas como a bens, derivados da instalación e a actividade realizadas. Así mesmo, tamén será responsable ante o Concello de calquera dano que sufra o espazo público que se lle asigne, salvo que este derívese de causas de forza maior. A tales efectos, requirirase a contratación dun Seguro de Responsabilidade Civil a terceiros de coberturas básicas e de obrigado cumprimento, para todos os efectos de danos causados durante a celebración do evento.

6.- O adxudicatario deberá deixar en perfecto estado de limpeza o espazo da vía pública utilizado e acatar en todo momento as ordes que imparta o Concello ou calquera outra autoridade por razóns de seguridade cidadá, orde pública ou para a boa marcha da feira. Non se utilizará ningún tipo de ancoraxe sobre o pavimento, protexéndoo debidamente.

7.- O autorizado terá o deber de abandonar e deixar libres e baleiros ao dispor do Concello ao final do prazo autorizado (antes das 17:00 horas do día 13 de xullo de 2026), os espazos públicos asignados. No caso contrario, o Concello terá a potestade de acordar e executar de seu o lanzamento.

8.- O adxudicatario non poderá facer uso do espazo autorizado ata que se lle expida a autorización correspondente, de acordo con o establecido nestas bases.

9.- O Concello non se fai responsable dos posibles furtos, roubos ou danos que poidan sufrir os bens do adxudicatario.





Concello de Ortigueira

10.- Os adxudicatarios de autorizacións deberán pechar o seu posto no momento de finalización de cada xornada segundo os horarios máximos de peche previstos nestas bases.

11.- Deberá colocarse en lugar visible a autorización municipal e as listas de prezos lexibles, sen que sexa necesario solicitálas. Así mesmo, e sempre en lugar visible, informárase os consumidores da dirección onde se atenderán, no seu caso, as súas reclamacións. Dita dirección figurará, de todos os xeitos, na factura ou no comprobante da venda.

12.- O autorizado cumprirá as condicións de instalación previstas no anexo I destas bases.

13.- O incumprimento de calquera das condicións impostas na autorización implicará a súa revogación sen xerar dereito a indemnización a favor do interesado.

14.- É obrigatoria a aplicación do Real Decreto 126/2015, do 27 de febreiro, polo que se aproba a norma xeral relativa á información alimentaria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades, dos envasados nos lugares de venda a pedimento do comprador, e dos envasados polos titulares do comercio polo miúdo.

15.- Queda totalmente prohibida a instalación de megafonía de calquera clase, incluíndo a reprodución de música.

11ª.- Taxas

Serán de aplicación a Ordenanza fiscal numero 15 reguladora da taxa por ocupación da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados en terreos de uso público local, así como industrias rueras e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

12ª.- Forza maior

En caso de forza maior, as datas das autorizacións poderán ser modificadas ou a súa celebración anulada. Neste último caso aplicarase o seguinte réxime:

Se a anulación prodúcese con carácter previo ao seu inicio, o importe do pago das taxas que se fixo efectivo será devolto ao adxudicatario.

Se a anulación prodúcese unha vez iniciado o evento, unicamente devolverase a parte proporcional da taxa correspondente aos días que restasen para a súa finalización.

En todos estes casos, non haberá lugar á indemnización por presuntos danos e/o prexuízos, como consecuencia da anulación ou modificación.

13ª.- Facultades de inspección

Os servizos municipais poderán realizar inspeccións periódicas ao obxecto de comprobar o cumprimento das condicións da autorización outorgada, a limpeza e hixiene das instalacións e as restantes obrigacións previstas na lexislación aplicable e nestas bases.

De estimar que se produciu un incumprimento esencial de calquera das mesmas, o Concello acordará a revogación da autorización.

14ª.- Infraccións e sancións

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no título VIII da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, así como o previsto en ordenanza reguladora de venda ambulante en mercados do moi nobre Concello de Ortigueira (BOP núm. 108 de 12.05.2000), en todo o que non se opoña á lexislación citada.

15ª.- Facultade de revogación

O Concello de Ortigueira poderá revogar a autorización unilateralmente en calquera momento por





Concello de Ortigueira

razóns de interese público, sen xerar dereito á indemnización, cando:

- a) A autorización resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade.
- b) Prodúzanse danos no dominio público.

a) A autorización resulte incompatible con actividades de maior interese público ou menoscabe o uso xeral.

Anexo I. NORMAS DE INSTALACIÓN

1.- Entrada e colocación. -

A efectos da montaxe e instalación do posto, facilitarase ás persoas autorizadas un pase para a entrada do vehículo. O seu uso é persoal e intransferible.

2.- Non se pode aparcar na zona do porto, no lugar sinalizado como de aterraxe de helicópteros de emerxencia, preto do guindastre portuario.

3.- A mercadoría reponse en horario de mañá antes das 12 horas.

4.- Os gastro buses instalaranse a partir das 17 horas do martes día 7 de xullo e deberán estar listos para a súa apertura a partir das 17 horas do 8 de xullo. Terán que recollerse antes das 17 horas do día 13 de xullo, luns.

5.- Existe un plan de emerxencias para o festival que será comunicado pola empresa encargada, de obrigado cumprimento.





Concello de Ortigueira

ANEXO II. MODELO DE SOLICITUDE

D/D^a _____
con domicilio en _____
_____, municipio de _____
teléfono _____ con NIF _____ actuando en nome propio.

D/D^a _____
con domicilio en _____
_____, municipio de _____
teléfono _____ con NIF _____ actuando en representación
da entidade _____:

NIF da entidade _____
Domicilio social _____
Teléfono _____

Designa como correo electrónico a efectos de comunicación _____

Dispoño da seguinte páxina web: _____

Solicita participar na presente convocatoria: **ADXUDICACIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA A VENDA AMBULANTE EN GASTRO-BUSES, FOOD TRUCKS OU VEHÍCULOS TENDA SIMILARES NO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA 2026**

Para ese efecto:

1º.- DECLARA BAIXO A súa RESPONSABILIDADE que:

- Coñece e acepta cantas obrigacións derívanse da normativa vixente en materia de comercio ambulante, así como das bases reguladoras desta convocatoria.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

- Está dado de alta no epígrafe correspondente do imposto sobre actividades económicas (IAE) e está ao corrente do pago do imposto ou, en caso de estar exento, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- Está dado de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda, así como os empregados do negocio.
- Está ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias co Estado, a Comunidade Autónoma e o Concello de Ortigueira.
- Está ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social.
- Non está incluído en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade obxecto do presente procedemento.
- Reúne as condicións esixidas pola normativa vixente para o exercicio da venda ambulante.
- Reúne as condicións esixidas pola normativa vixente en materia hixiénico-sanitaria e manipulación de alimentos.
- O vehículo do que dispoño para o exercicio da venda ambulante cumpre as condicións técnicas previstas na normativa vixente sobre circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, e está ao corrente das súas obrigacións na materia.
- De resultar adxudicatario, destinará o espazo público asignado única e exclusivamente para a actividade autorizada.
- Está en posesión da documentación que acredita os extremos anteriores, e poñeraa ao dispor da Administración se lle resulta requirida, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante a vixencia da autorización.
-

2º.- SOLICITA AS SEGUINTE AUTORIZACIÓNS TIPO E LOCALIZACIÓNS: (indicar autorizacións solicitadas, por orde de preferencia).

Zona 1.- Alameda:

Especiais: (só produtos vexetarianos ou veganos, sen glute, sen lactosa ou outros alérxenos e similares)

Número de autorización	Orden de Prioridade
1.-	
2.-	





Concello de Ortigueira

Ordinarias (de 3 a 9):

Número de autorización	Orden prioridade
3.-	
4.-	
5.-	
6.-	
7.-	
8.-	
9.-	

Zona 2.- Avda. Juan Luis Pía Martínez:

Número de autorización	Orden de Prioridade
10.-	
11.-	

Zona 3: Rotonda San Martiño:

Número de autorización	Orden de Prioridade
12.-	





Concello de Ortigueira

3.- A RELACIÓN DE PRODUTOS OFERTADOS EN VENDA É A SEGUINTE:

1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	
''''''''	





Concello de Ortigueira

4.- ACHEGA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ESIXIDA POLAS BASES: (base 6ª)

1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	

Observacións:

Data, lugar e firma:



ANEXO III PLANOS DE SITUACIÓN

Zona 1: Alameda (autorizacións 1-9)

Autorizacións



- Gastro buses y similares 1-9
- 1-2 Especiais veganos, vegetarianos, etc
- 3-9 Xenéricos



Concello de Ortigueira

Zona 2: C/ Juan Luís Pía (autorizacións 10-11)



Zona 3: Rotonda San Martiño (Autorización 12)

